



## MEMORIA DA ALCALDÍA

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL AYUNTAMIENTO DE PONTECESO Y EL AYUNTAMIENTO DE CAMBRE PARA EL REFUERZO DEL SERVICIO CON POLICÍAS LOCALES PERTENECIENTES AL CUADRO DE PERSONAL DEL AYUNTAMIENTO DE CAMBRE DURANTE LA FIESTA DEL PERCEBE A CELEBRAR EL DÍA 16 DE JULIO DE 2019.**

O día 6 de xullo de 2019 celébrase a "Festa do percebe", en Corme deste término municipal. O carácter da festa atrae cada ano a máis visitantes, cifrados en alomenos 10.000 persoas, segundo as estimacións dos últimos anos.

Para controlar o tránsito e prestar o servizo á festa e ao resto do término municipal, o Concello de Ponteceso conta con tres axentes na súa Policía Local, nesta data un de baixa, isto fai que sexan insuficientes para prestar o servizo normal e o extraordinario que esixe a festa.

Para prestar o servizo con garantías poderase estar ao previsto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, a cal establece no seu artigo 6, Ámbito territorial de actuación, apartado 3: "Eventualmente, cando pola insuficiencia temporal dos servizos sexa necesario reforzar o persoal de persoal do corpo de Policía local dalgún concello, o seu alcalde poderá chegar a acordos con outros concellos para que membros da Policía destes últimos poidan actuar no ámbito territorial do solicitante, por tempo determinado e, se fose preciso, en réxime de comisión de servizo, aceptado voluntariamente polo funcionario."

Realizadas xestións con outros concellos, o Concello de Cambre préstase á cesión de funcionarios de policía propios. A figura legal do acordo co Concello de Cambre será o convenio de colaboración.

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 47, Definición e tipos de convenios, establece: "1. Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Non teñen a consideración de convenios, os Protocolos Xerais de Actuación ou instrumentos similares que comporten meras declaracións de intención de contido xeral ou que expresen a vontade das Administracións e partes subscritoras para actuar cun obxectivo común, sempre que non supoñan a formalización de compromisos xurídicos concretos e esixibles. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Pontevedra (A Coruña)

súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público." "2. Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos asinados entre dous ou máis Administracións Públicas, ou ben entre dúas ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas Administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas. Quedan excluídos os convenios interadministrativos subscritos entre dous ou máis Comunidades Autónomas para a xestión e prestación de servizos propios das mesmas, que se rexerán en canto aos seus supostos, requisitos e termos polo previsto nos seus respectivos Estatutos de autonomía."

O réxime aplicable aos funcionarios que prestarán os servizos obxecto do convenio será a de comisión de servizos. O Concello de Pontevedra non abonará cantidade algunha aos devanditos funcionarios, sendo o Concello de Cambre quen abone os servizos prestados a mes vencido, despois de que o Concello de Pontevedra ingrese o importe das gratificacións extraordinarias ao Concello de Cambre.

A intervención municipal emitirá o seu informe de fiscalización previa, no cal se establecerá a suficiencia de crédito e a retención, no seu caso, correspondente. A competencia, para a firma ou subscripción do convenio, segundo o establecido no art. 21.1. b) da LBRL será competencia do Alcalde, como representante da Corporación, ao non estar outro órgano municipal expresente atribuído de competencia.

Por todo o anterior considero necesario e preciso o convenio de colaboración co Concello de Cambre, por estar amparado legalmente en todos os seus termos.

Pontevedra, a veintidos de junio de dos mil dieciocho.

O alcalde

Asdo.: Xosé Lois García Carballido.